

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,  
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 07.04.2021

Hora: 16:00

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 7 de abril de 2021, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

## **Punto 1. Preguntas**

- 1.1 7648 (11/POC-001226)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Verea Fraiz, Borja e 6 máis  
Sobre as vivendas de uso turístico (procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 80, do 21.01.2021*
- 1.2 9307 (11/POC-001727)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Seco García, Martín e 2 máis  
Sobre o futuro produtivo e o mantemento dos postos de traballo na planta de Alu Ibérica na Coruña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 89, do 04.02.2021*
- 1.3 11922 (11/POC-002067)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis  
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para frear a deslocalización dos servizos das empresas eléctricas en Galicia en xeral, e en particular dos servizos de Naturgy na Coruña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 108, do 10.03.2021*

## **Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 11983 (11/PNC-001217)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pérez López, Daniel e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da empresa Xeal (antiga Ferroatlántica) en Cee e Dumbría  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 108, do 10.03.2021*





- 2.2 12093 (11/PNC-001231)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis  
Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción económica da área da Coruña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 108, do 10.03.2021*
- 2.3 12941 (11/PNC-001323)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis  
Sobre o impulso por parte do Goberno galego de novas iniciativas e instrumentos de apoio económico ás pemes para introducir o deseño nas estratexias empresariais que permitan favorecer a recuperación da crise  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 24.03.2021*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Marta Nóvoa Iglesias

Presidenta da Comisión

Marta  
Nóvoa  
Iglesias

Firmado digitalmente por  
Marta Nóvoa Iglesias  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=Marta Nóvoa Iglesias,  
email=marta.novoa.iglesias  
@parlamentodegalicia.es  
Fecha: 2021.03.24 14:28:20  
+01'00'





Asinado dixitalmente por:

Marta Nóvoa Iglesias na data 24/03/2021 14:28:20



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Vicepresidenta	
Cristina Sanz Arias	P
Secretaria	
María Leticia Gallego Sanromán	S

## Vogais

José Antonio Armada Pérez	P
Ramón Fernández Alfonzo	BNG
María do Carme González Iglesias	BNG
Daniel Pérez López	BNG
Ovidio Rodeiro Tato	P
Martín Seco García	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Borja Vereza Fraiz	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 07.04.2021

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.1 7648(11/POC-001226)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre as vivendas de uso turístico (procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa vía urxencia, 80, 21.01.2021*

## Á Mesa do Parlamento

**Borja Vereá Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e turismo polo trámite de urxencia.**

### Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Definimos como vivenda de uso turístico (VUT) aquela que é cedida a terceiras persoas de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica.

- Estas cesións fanse para estadias inferiores a trinta días consecutivos en vivendas que se atopan equipadas e con todas as características establecidas por vía regulamentaria.
- As VUT teñen ademais a peculiaridade de que poden ser ofertadas por particulares na súa propia vivenda.

O fenómeno das vivendas de uso turístico é unha tendencia global que en Galicia rexistra case 12.000 vivendas. A Xunta regulou esta tipoloxía de aloxamento a través do decreto 12/2017, co obxectivo de protexer os dereitos dos usuarios e aos empresarios do intrusismo profesional.

O decreto foi deseñado atendendo a cuestións formuladas polo sector turístico e pola sociedade e está a funcionar satisfactoriamente.





O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia avalouno, na súa totalidade e en dúas ocasións, rexeitando todos os recursos presentados por asociacións e pola Comisión Nacional do Mercado da Competencia.

Grazas á regulación exitosa levada adiante ata o de agora, este tipo de aloxamentos turísticos contan con normativas que garanten os dereitos dos seus usuarios, están incorporados á nosa actividade inspectora e dan conta desde o ano pasado do rexistro de viaxeiros, a través da ferramenta de Turespazo habilitada por Turismo de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais :

- Cantas altas se produciron dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017?
- Cal é a evolución do número de aloxamentos ofertados?
- Cal é o número de prazas ofertadas e a súa proporción respecto ao total de prazas ofertadas no sector?
- Teñen este tipo de aloxamentos unha implantación homoxénea na conxunto do territorio galego? (provincias, xeodestinos, etc)
- Cantas inspeccións se fixeron para o control do correcto funcionamento das Vivendas de Uso Turístico (VUTs)? , cantos expedientes se incoaron?
- Cales son os principais competidores deste tipo de aloxamentos e como é a súa distribución?
- Como é a relación respecto a propiedade das VUTs?
- Son propietarios individuais ou empresarios?

Santiago de Compostela, 12 de Xaneiro de 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @ppgalicia

 @GrupoPopularGal





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2021 13:44:27**  
**Nº Rexistro: 7648**  
Data envío: 12/01/2021 13:44:27.778

**Asinado dixitalmente por:**

**Borja Verea Fraiz na data 12/01/2021 13:40:09**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 12/01/2021 13:40:28**

**Cristina Sanz Arias na data 12/01/2021 13:40:50**

**José Antonio Armada Pérez na data 12/01/2021 13:41:12**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 13:42:39**

**Miguel Angel Tellado Filgueira na data 12/01/2021 13:42:52**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 13:43:16**



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 07.04.2021

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 9307(11/POC-001727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre o futuro produtivo e o mantemento dos postos de  
traballo na planta de Alu Ibérica na Coruña

*Publicación da iniciativa, 89, 04.02.2021*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/01/2021 17:51:00  
Nº Rexistro: 9307  
Data envío: 28/01/2021 17:51:00.887

## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A situación na planta de Alu Ibérica na Coruña volveuse insostible nas derradeiras datas, chegando a ter que parar a súa produción por falla de subministro de fuel ou pola falla de aluminio de reciclaxe e aluminio primario, esta situación foi denunciada polos representantes do cadro de persoal como unha mostra máis da falla de compromiso da empresa co acordo alcanzado para a venda de ALCOA ao investidor PARTER CAPITAL, aínda que este investidor vendese posteriormente o 75 % da súa participación ao Grupo Industrial Riesgo que se fixo co control da empresa.

O Comité de Empresa de Alu Ibérica denuncia un continuo baleirado da planta da Coruña, que non garante un futuro produtivo e o mantemento dos postos de traballo e unha falla de respecto continua da dirección da empresa aos dereitos das persoas traballadoras e a súa representación, con despedimentos improcedentes e salarios sen pagar, que fixo que o dito comité de empresa convocase unha folga indefinida.

As institucións, estatal e autonómica, estiveron presentes no proceso de venda das fábricas da Coruña e Avilés a un novo investidor e comprometéronse a supervisar o proceso, unha venda na que a Xunta de Galicia estivo de costas sen achegar e facer efectivas as súas competencias en política industrial, para deixarlle coma sempre a busca de solucións ao Goberno do Estado. O dito proceso de venda levouse a cabo cunhas garantías que agora están cuestionadas por parte dos traballadores e das informacións aparecidas nos medios de comunicación.

Os traballadores están a esixir da Administración central e galega que actúen ante os incumprimentos da empresa. A realidade é que mentres o Delegado do Goberno se reuniu co Comité de Empresa e lles trasladou as accións que se están a realizar dende o Goberno do Estado, analizando as





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/01/2021 17:51:00  
Nº Rexistro: 9307  
Data envío: 28/01/2021 17:51:00.887

denuncias e informes da empresa propietaria para confirmar se existen incumprimentos do contrato de compravenda, por se é preciso tomar decisións por vía administrativa ou incluso a xudicial, o Goberno da Xunta de Galicia pola súa banda, non sabemos se fixo algo máis que reclamarlle ao Estado que faga unha auditoría, en todo caso non nos consta que fixese algo dende as súas competencias.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Está o Goberno galego a analizar os posibles incumprimentos da empresa compradora?
- 2ª) Comprometese o Goberno galego cos traballadores a tomar accións xudiciais se eses incumprimentos se confirman?
- 3ª) Están a estudar o despido dunha traballadora da empresa e se esta respecta os dereitos laborais e sindicais das súas persoas traballadoras?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 28/01/2021 17:32:24**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/01/2021 17:32:46**

**Pablo Arangüena Fernández na data 28/01/2021 17:32:58**



CSV REXISTRO: Cc0c0SMc3L9

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3 11922(11/POC-002067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para frear a deslocalización dos servizos das empresas eléctricas en Galicia en xeral, e en particular dos servizos de Naturgy na Coruña

*Publicación da iniciativa, 108, 10.03.2021*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/03/2021 12:20:06  
Nº Rexistro: 11922  
Data envío: 01/03/2021 12:20:06.520

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonso**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ás actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galiza para frear a deslocalización de servizos das empresas eléctricas en Galiza en xeral e de Naturgy na Coruña en particular.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro coñeceu o intento de Naturgy de deslocalizar o seu centro de operacións da Coruña para Madrid e tamén a intención de Iberdrola de pechar definitivamente o seu centro na bacía do Sil. Estes acontecementos amosan unha vez máis as consecuencias dun modelo enerxético deseñado de costas aos intereses galegos, baixo un prisma centralista e sen unha participación e control público do sector, privatizado ao longo dos anos e controlado por grandes oligopolios. Galiza sofre o impacto socioeconómico e medioambiental da produción e, porén, non ve compensación na fixación de emprego cualificado e de calidade.

A esta perda de servizos cómpre engadir unha progresiva destrución de emprego a través da deslocalización dos servizos de atención á clientela e da redución da rede de oficinas presenciais e tamén un profundo proceso de descapitalización e abuso das subcontratas dos servizos asociados ás funcións técnicas e de mantemento.

CSM-REXISTROEPCT1864B6  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2021 12:20:06**  
**Nº Rexistro: 11922**  
Data envío: 01/03/2021 12:20:06.520

Neste proceso a actitude da Xunta de Galiza está a ser a de poñerse de perfil. Desde comezos de febreiro non se deu, até o momento, ningunha iniciativa firme por parte do goberno galego. Exclusivamente tiveron lugar dúas reunións cos traballadores (e non por iniciativa da Xunta de Galiza).

De consumarse esta operación Naturgy afondaría na centralización de servizos e, camuflada pola empresa como “mera reorganización”, tería profundas consecuencias. Dunha banda, supón a destrución no noso país de arredor de 30 postos de traballo; doutra banda, alén do importante impacto no cadro de persoal, de idade media alta e cos seus proxectos de vida persoais asentados na área da Coruña, acabaría ocasionando a perda futura destes postos e a perda dun coñecemento e experiencia asociados ao territorio e ás condicións e características do sistema eléctrico que son fundamentais para prestar un adecuado servizo. Polo tanto, isto tradúcese na destrución de emprego e na futura perda de calidade do servizo.

Máis aínda, cabe salientar que Naturgy é unha das empresas máis importantes do sector en Galiza. Galiza non pode aceptar esta situación sendo estratéxica para o oligopolio enerxético, máis aínda nun momento de crise económica agravada pola covid-19 e nun momento onde se está a desenvolver a denominada transición enerxética nunhas condicións que distan de ser xustas, negociadas e positivas para Galiza. Neste momento no que moitas das empresas eléctricas están a reorientar as súas tecnoloxías de produción e a obter novas cotas de mercado, por exemplo no ámbito eólico, non é aceptable que os postos de traballo asociados non se manteñan en Galiza. As administracións central e galega deben actuar para que non se deslocalicen máis servizos.

CSV REGISTRO de PC-T186486  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2021 12:20:06**  
**Nº Rexistro: 11922**  
Data envío: 01/03/2021 12:20:06.520

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para evitar a deslocalización de postos de traballo do centro de operacións de Naturgy na Coruña?

. Cales son as razóns para que a Xunta de Galiza non realice a visita institucional á que se comprometeu na reunión do 11 de febreiro?

. Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para evitar a deslocalización de postos de traballo asociados directa e indirectamente á produción enerxética?

. Vai impulsar a Xunta de Galiza unha mesa de traballo de todas as partes implicadas?

. Vai desenvolver ao abeiro do INEGA algún estudo técnico para argumentar a permanencia do servizo? Que valoración lle merece ao goberno galego que se desprece un servizo para o que é necesario ter coñecemento da singularidade da rede enerxética de Galiza? Considera que pode traer consecuencias negativas a medio prazo?

. Por que non impulsa a Xunta de Galiza cláusulas nas súas contratacións enerxéticas para contribuír a frear este fenómeno?

. Por que non arbitra medidas para que a denominada transición enerxética non se desenvolva sen retorno no mantemento do emprego?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

CSV REXISTROePC:1T86qB6  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2021 12:20:06**  
**Nº Rexistro: 11922**  
Data envío: 01/03/2021 12:20:06.520

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2021 12:17:02**

**Mercedes Queixas Zas na data 01/03/2021 12:17:19**

**Daniel Pérez López na data 01/03/2021 12:17:27**

**Ramón Fernández Alfonso na data 01/03/2021 12:17:36**

CSX: REXISTROePC1T86qB6  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 07.04.2021

Hora: 16:00

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 07.04.2021

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 11983(11/PNC-001217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da empresa Xeal (antiga Ferroatlántica) en Cee e Dumbría

*Publicación da iniciativa, 108, 10.03.2021*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/03/2021 12:55:04  
Nº Rexistro: 11983  
Data envío: 02/03/2021 12:55:04.743

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á situación da empresa XEAL (Ferroatlántica de Cee-Dumbría-Centrais Hidroeléctricas).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Costa da Morte, as traballadoras e traballadores de XEAL (antiga Ferroatlántica) viven momentos de incerteza e preocupación pola continuidade da actividade produtiva da empresa e polo mantemento dos seus postos de traballo.

Incerteza que se ve agravada polo remate do ERE temporal o pasado día 28 de febreiro, xa que na práctica, a empresa non adoptou medidas para garantir que se poida retomar a actividade nos fornos que a día de hoxe seguen parados, e sen que pola empresa se aclare que previsións de produción ten para os vindeiros meses. É máis, moitos dos traballadores reincorporados están a levar a cabo tarefas de limpeza e mantemento básico da planta, sen que se albisque retomar a actividade que lles é propia.

No seu día, no 2019, autorizouse pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) e a Xunta de Galiza, a operación pola que as minicentrales hidráulicas do Xallas e o complexo da antiga Ferroatlántica, hoxe XEAL, pasaron a depender e ser xestionadas pola empresa TPG-Ithaka.

CSM-REXISTROXERAL-ENTRADA  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/03/2021 12:55:04**  
**Nº Rexistro: 11983**  
Data envío: 02/03/2021 12:55:04.743

Operación que dende o comité de empresa foi tomada con moitas reticencias, ao entender que o verdadeiro interese da compradora non era manter a actividade produtiva das fábricas, senón que ese interese centrábase no substancial negocio enerxético.

O que se viu confirmado co paso dos meses, pois é unha realidade que as fábricas sofren un progresivo deterioro por falta de investimentos e o recorte drástico das capacidades produtivas, mentres a empresa non escatimou esforzos na súa batalla por conseguir a segregación das centrais hidroeléctricas.

Esa segregación era o verdadeiro obxectivo, como demostra o feito que despois da adquisición do complexo enerxético e industrial, o fondo norteamericano negouse a retirar o recurso contra a resolución de Augas de Galiza interposto no seu día pola anterior propietaria. É máis, XEAL presentou recurso de casación diante do Tribunal Supremo contra a decisión do TSXG que avalaba o acordo de Augas de Galiza a través do que, en atención ao establecido nas cláusulas das concesións de explotación, se denegou á empresa a autorización para segregar a actividade de ferroliaxes da produción eléctrica.

Moitos meses despois da operación de compra-venda a representación dos traballadores segue sen coñecer o contido do plan de viabilidade (ao que obrigan as cláusulas das concesións) que a empresa trasladou á Xunta de Galiza, e moito menos os termos do contrato de compra-venda entre FerroGlobe e TPG-Ithaka, ou mesmo dos acordos comerciais entre as dúas compañías. E isto reviste unha importancia capital, porque de todo isto depende o acceso a materia prima de calidade e a posibilidade de comercializar as ferroliaxes que se fabrican en Cee e Dumbría.

O Comité de XEAL mantivo unha reunión recentemente coa Xunta de Galiza, na que se constatou a actitude de “poñerse de perfil” do goberno galego neste tema, a





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/03/2021 12:55:04  
Nº Rexistro: 11983  
Data envío: 02/03/2021 12:55:04.743

pesar de ser unha realidade a parada produtiva dos fornos en o desmantelamento das fábricas. E a pesar do fallo do TSXG que establece a vinculación esencial das actividades enerxéticas e ferroaliaxes, o que constitúe a mellor garantía de defensa do interese público e da continuidade industrial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Adoptar as medidas necesarias para velar pola viabilidade das fábricas de XEAL en Cee e Dumbría.

2. Adoptar cantas medidas sexan necesarias para dar cumprimento ao fallo do TSXG que establece a vinculación esencial das actividades enerxéticas e das ferroaliaxes de XEAL en Cee e Dumbría.”

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonso**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSX4 REXISTROZK7YxuD96  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/03/2021 12:55:04**  
**Nº Registro: 11983**  
Data envío: 02/03/2021 12:55:04.743

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 02/03/2021 12:48:19**

**María do Carme González Iglesias na data 02/03/2021 12:48:29**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 02/03/2021 12:48:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/03/2021 12:48:48**

CSX: FEXYSTROZK7YxuD96  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.2 12093(11/PNC-001231)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción económica da área da Coruña

*Publicación da iniciativa, 108, 10.03.2021*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/03/2021 12:33:17  
Nº Rexistro: 12093  
Data envío: 04/03/2021 12:33:17.649

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

A Coruña e a súa área metropolitana (esta aínda sen entidade xurídica pero con innegable entidade social e económica) concentran a maior parte do valor engadido bruto e do emprego de Galicia (45 % e 31 % do total, respectivamente, segundo o informe Ardán 2019), o que da conta da súa importancia económica para o conxunto da nosa comunidade.

Ese polo de dinamismo veuse afectado intensamente pola Gran Recesión dos anos 2008 e 2009 e veu na última década como se desfacía unha parte importante do seu tecido produtivo. Así, perdeu o seu sector financeiro, coa absorción do Banco Pastor e do Banco Galego, e co proceso de reestruturación da antiga Caixa Galicia, unha empresa que pertencía a entidades e impositores de Galicia e que foi rescatada con fondos públicos para rematar en mans privadas tras perder boa parte dos seus empregados. Perdeuse a galeguidade de empresas como Fenosa, absorbida por Naturgy, que pechou progresivamente os seus centros de traballo, pecháronse grandes empresas como Fadesa, Caramelo e unha longa lista de pemes, e máis recentemente podemos destacar a progresiva deslocalización de R ou a liquidación de Isidro de la Cal así como as enormes dificultades da antiga Alcoa, a actual Aluibérica que inclúen a súa transmisión a un grupo de nefasta reputación empresarial, operación que está sendo investigada na Audiencia Nacional.

A crise económica asociada ós efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais de Galicia e da Coruña, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego. A Cámara de Comercio da Coruña estimou a mediados do ano pasado (antes da

CSM-REXISTRO/KEY/KEY/HBS  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/03/2021 12:33:17**  
**Nº Rexistro: 12093**  
Data envío: 04/03/2021 12:33:17.649

segunda e terceira onda da pandemia) que o impacto da crise xeraría a perda de 16.000 postos de traballo na área da Coruña e de 5.700 millóns en facturación.

A política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte o artigo 30 do Estatuto de Autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos en Galicia nin na área da Coruña. Os fondos Next Generation implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ó mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que deseñe e desenvolva un plan de promoción económica da área da Coruña para compensar o impacto económico da pandemia e reactivar o tecido produtivo, incluíndo:

- A análise e avaliación das posibilidades e oportunidades de inversión na área da Coruña tendo en conta o tecido empresarial coruñés, as posibilidades loxísticas e as necesidades do mercado, en cooperación e diálogo coas entidades representativas do empresariado, as propias empresas, os sindicatos, a universidade, as administracións locais e a sociedade civil coruñesa.
- A selección e presentación de proxectos radicados na área coruñesa para optar ós fondos Next Generation.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo do 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Martín Seco García  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/03/2021 12:33:17**  
**Nº Registro: 12093**  
Data envío: 04/03/2021 12:33:17.649

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 04/03/2021 12:13:00**

**Martín Seco García na data 04/03/2021 12:13:11**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/03/2021 12:13:21**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/03/2021 12:13:32**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 04/03/2021 12:13:41**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 07.04.2021

Hora: 16:00

Orde do día

2.3 12941(11/PNC-001323)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre o impulso por parte do Goberno galego de novas iniciativas e instrumentos de apoio económico ás pemes para introducir o deseño nas estratexias empresariais que permitan favorecer a recuperación da crise

*Publicación da iniciativa, 115, 24.03.2021*

## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

Neste momento tan complexo que nos toca vivir hai dúas palabras que se repiten continuamente: cambio e incerteza. Ambas están a marcar a nosa existencia a todos os niveis e, por suposto, tamén condicionan de xeito determinante a actividade económica.

A incorporación do deseño nas pemes neste contexto de transformación representa un elemento de carácter estratéxico no incremento do seu valor porque ten repercusión directa nalgunhas das variables e dos aspectos máis significativos da actividade empresarial (volumen de vendas, penetración de mercados, internacionalización, propiedade industrial, diferenciación, imaxe percibida e recoñecemento de marca, fidelización ao cliente, etc.).

De feito, no presente son moitos os casos de empresas en Galicia que xa apostan polo deseño para a innovación como motor de competitividade e están crescendo grazas a esta aposta estratéxica. Temos exemplos no sector alimentario: Pazo de Vilane, Paco y Lola, Casa Grande de Xanceda, Frinsa; no sector naval, Rodman; no sector da automoción: Castrosúa, Urovesa; na industria extractiva: Cupa Pizarras DFG Pavestone; no sector da madeira: Finsa, Cocinas Santos, Mobalco, Galopin Playground ou no sector das telecomunicacións como Televés.

Pero o reto é que sexan moitos máis, e que se focalice a implementación nas pemes galegas, é dicir, que se consolide un ecosistema galego de deseño e innovación para a difusión da importancia desta disciplina en todos os sectores industriais e empresariais galegos, da man dos seus axentes protagonistas. Isto complementará o



esforzo crecente que en Galicia se está a facer en favor da I+D+i e o desenvolvemento tecnolóxico, xa que proporciona metodoloxías e ferramentas que poden ser utilizadas en diferentes fases do proceso de innovación empresarial para incrementar o valor de produtos e servizos e aproveitar novas oportunidades.

Por iso, desde 2018 a Xunta de Galicia está desenvolver do Programa de Deseño para a Innovación, de cara a difundir, divulgar e apoiar a empresas e entidades sobre como o deseño pode axudar a incrementar a competitividade. Pero faise necesario seguir impulsando este cambio na sistemática das empresas con novas medidas e iniciativas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar novas iniciativas e instrumentos de apoio económico ás pemes, para introducir o deseño nas estratexias empresariais que permitan favorecer a recuperación da crise a través da utilización de ferramentas e metodoloxías de pensamento creativo que propicie a xeración de novo valor en produtos, servizos e modelos de negocio máis sostibles e máis dixitais.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/03/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 12941**  
Data envío: 17/03/2021 15:23:12.541

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/03/2021 15:15:52**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/03/2021 15:16:12**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 17/03/2021 15:16:26**

**Borja Vereza Fraiz na data 17/03/2021 15:16:44**

**José Antonio Armada Pérez na data 17/03/2021 15:17:05**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 17/03/2021 15:17:20**

**Cristina Sanz Arias na data 17/03/2021 15:17:34**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 17/03/2021 15:17:55**



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)

